



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O novo Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo (Función Pública)

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2009
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 21/01/2009 - 00:00h ao 28/01/2009 - 23:59h

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Análise da refundición legislativa levada a cabo por medio do novo Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, con especial incidencia nas modificacións levadas a cabo, en comparación coa normativa anterior, desde un punto de vista técnico xurídico e xurisprudencial.

A materia presenta especial interés científico e técnico e ten por obxecto proporcionar cualificación no ámbito da xestión pública. Neste sentido, todos os funcionarios están potencialmente interesados en coñecer e dominar as modificacións e novidades habidas no réxime xurídico que lles resulta de aplicación.

O coñecemento desta materia redanda no mellor exercicio profesional, ao versar sobre aspectos que afectan directa e persoalmente a todos os funcionarios. O dominio da función pública posibilitará aos asistentes un mellor exercicio dos dereitos e un maior coñecemento das obrigas.

DESTINATARIOS

Preferentemente, funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, sen prexuízo de que a materia, polo seu ámbito de aplicación, poida ser de interese para todos aqueles funcionarios que presten servizos en Administracións ou institucións de Galicia.

PROGRAMA

- Ámbito de aplicación da lei:

Marco xurídico da reforma.

Obxecto e ámbito de aplicación da nova lei.

Persoal ao servizo da administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Órganos da función pública.

- Organización da función pública:

Corpos de persoal funcionario .

O rexistro de persoal .

Relación de postos de traballo, provisión, plans de emprego e oferta de emprego público.

O acceso á función pública .

Mobilidade do persoal funcionario das diversas administracións públicas

- Réxime xurídico da función pública:

Adquisición e perda da condición de funcionaria ou funcionario.

Situacións administrativas.

A carreira administrativa.

Réxime retributivo.

Licencias, vacacións e permisos.

Seguridade Social.

- Entrada en vigor, aplicación e adaptación ao novo réxime:
Adaptación ao novo réxime: Disposicións adicionais e transitorias .

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos participantes será realizada pola Asociación de Letrados da Xunta de Galicia, a quen lle corresponde a dirección e responsabilidade académica do curso, respectando en todo caso os criterios selectivos sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (Diario Oficial de Galicia n.º 7 do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 09/02/2009 a 13/02/2009

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE